

MÓDULO	Empresa e iniciativa emprendedora (MP0924)	
CICLO	CS Iluminación, captación e tratamento de imaxe	
DOCENTE	Ana María Rodríguez Lomba	
UNIDADES DIDÁCTICAS E PESO NA CUALIFICACIÓN	PRIMEIRA AVALIACIÓN:	
	UNIDADES DIDÁCTICAS	PESO
	A iniciativa emprendedora e a idea de negocio	20%
	O contorno da empresa e o mercado	20%
	SEGUNDA AVALIACIÓN:	
	UNIDADES DIDÁCTICAS	PESO
	O contorno da empresa e o mercado	20%
	Creación e posta en marcha dunha empresa	20%
	TERCEIRA AVALIACIÓN:	
	UNIDADES DIDÁCTICAS	PESO
	Financiación, contabilidade e xestión da empresa	20%
	Viabilidade e defensa do seu modelo de negocio	20%



CIFP AUDIOVISUAL DE VIGO

Eduardo Cabello s/n 36208 VIGO

Tífono: 886 111 152



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESULTADOS DE APRENDIZAXE	RA1 Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade. RA2 Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos. RA3 Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha. RA4 Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.
METODOLOXÍA	- Avaliación continua, docente como guía da aprendizaxe, alumnado como parte activa do proceso. - Material: apuntamentos na Aula virtual - Tarefas do alumnado na aula (individuais e en equipo). Entregadas e realizadas na aula virtual - Instrumentos de avaliación: probas escritas, táboas de observación e listas de cotexo
TAREFAS OBRIGATORIAS	- As establecidas para cada unidade didáctica, das que se informará ao inicio de cada Unidade didáctica. - Probas prácticas: tarefas prácticas de cada unidade que conduciran a realización do proxecto de empresa

	- Tarefas de avaliación, segundo se establece nos Instrumentos de Avaliación.
MÍNIMOS EXIXIBLES PARA ALCANZAR A AVALIACIÓN POSITIVA	Expresado como <i>criterios de avaliación:</i> CA 1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora. CA 1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector de produción audiovisual. CA 1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora. CA 1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade. CA 1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio no ámbito do sector audiovisual, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial. CA 1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa. CA 2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural. CA 2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa do sector audiovisual en función da súa posible localización. CA 2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial. CA 2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa iluminación, captación e tratamento de imaxe, e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen. CA 2.8 Identificáronse, en empresas de iluminación, captación e tratamento de imaxe, prácticas que incorporen valores éticos e sociais. CA 2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais. CA 2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais. CA 2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de iluminación, captación e tratamento de imaxe, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.



CIFP AUDIOVISUAL DE VIGO

Eduardo Cabello s/n 36208 VIGO

Tlfno: 886 111 152



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CA 2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

CA 3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.

CA 3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.

CA 3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.

CA 3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.

CA 3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.

CA 3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.

CA 3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de iluminación, captación e tratamento de imaxe, tendo en conta a súa localización.

CA 3.9 Inclúuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

CA 4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.

CA 4.2 Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.

CA 4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada do sector audiovisual e diferenciáronse os tipos de impostos no calenda

CA 4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

**INSTRUMENTOS
DE AVALIACIÓN E
CRITERIOS DE
CUALIFICACIÓN**

Para superar o módulo o alumno deberá obtener unha cualificación final igual ou superior a 5 sobre 10.

PRIMEIRA AVALIACIÓN:

INSTRUMENTO DE AV	CRITERIO DE CUALIFICACIÓN
Probas Escritas (tipo Test ou de respostas curtas, etc)	60%
Táboas de observación sobre tarefas prácticas	40%

SEGUNDA AVALIACIÓN:

INSTRUMENTO DE AV	CRITERIO DE CUALIFICACIÓN
Probas Escritas (tipo Test ou de respostas curtas, etc)	60%
Táboas de observación sobre tarefas prácticas	40%

TERCERA AVALIACIÓN:

INSTRUMENTO DE AV	CRITERIO DE CUALIFICACIÓN
Probas Escritas (tipo Test ou de respostas curtas, etc)	60%
Táboas de observación sobre tarefas prácticas	40%

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A nota de cada unidade será a media aritmética obtida en cada CA polo peso dese criterio en dita unidade.

A avaliación dos CA de contido teórico traballados na avaliacións, realizarase mediante os diferentes instrumentos da avaliación establecidos para cada CA.

A nota da primeira e da segunda avaliación será a media ponderada das unidades que se impartan en dita avaliación segundo os pesos correspondentes. A nota final do curso, será calculada mediante a suma das notas ponderadas de cada avaliación.

A cualificación das unidade 1, 2,3 e 4 virá dada pola seguinte expresión, sendo un 50% da cualificación da nota dos exames presenciais, e un 10% da

cualificación da nota dos exames on line e un 40% da nota dos traballos e tarefas: 0,50 Exame + 0,10 Exame on line + 0,40 Tarefa/Traballo

Exame, é a cualificación sobre 10 obtida no exame ou a media dos exames realizados en cada unidade desa avaliación.

Exame on line, é a cualificación sobre 10 obtida no exame ou a media dos exames on line realizados en cada unidade desa avaliación.

Tarefa, é a cualificación sobre 10 obtida nas tarefas ou traballos, individuais ou grupais, realizados o longo de cada unidade desa avaliación.

Para que os traballos e o exames sexan valorados positivamente deberán superarse cunha puntuación mínima dun 5 e ser entregados na forma e data indicadas pola profesora.

Compre ter un mínimo dun 4 en cada proba de exame ou traballo de cada unidade para facer a nota media desa unidade.

De facer varios exames ou tarefas ao longo da avaliación nunha unidade, éstas valoraranse calculando a media aritmética das mesmas. Para avaliar as tarefas ou traballos empregarase unha rúbrica, táboa de observación ou lista de cotexo.

EXAMES (Ex)

En cada avaliación realizaranse un ou varios exames escritos, a media aritmética dos mesmos suporá un 50% da nota final da unidade. O profesorado indicará con antelación as datas, hora e lugar.

As probas obxectivas serán realizadas sobre unha ou varias unidades didácticas conxuntamente. Poderán constar de preguntas tipo test, varias preguntas curtas, cuestións de verdadeiro e falso, preguntas longas a desenvolver e/ou realización supostos prácticos. O número de preguntas poderán variar dun a outro exame.

EXAMES (Ex on line)

En cada avaliación realizaranse un ou varios Os exames serán on line a través do aula virtual, a media aritmética dos mesmos suporá un 10% da nota final da unidade. O profesorado indicará con antelación as datas.

Estas probas obxectivas serán realizadas no virtual e poderán constar de preguntas tipo test, cuestións de verdadeiro e falso, O número de preguntas poderán variar dun a outro exame.

TRABALLOS (Tr) e TAREFAS (Ta)

Para que un traballo sexa calificado terá que ser debidamente entregado á profesora mediante a aula virtual, na tarefa establecida e na data indicada. A cualificación representará o 40% da nota da unidade. Non se terán en conta os traballos presentados por calquera outro medio que non sexa a aula virtual, ou despois da data ou data límite de entrega fixada pola profesora.



CIFP AUDIOVISUAL DE VIGO

Eduardo Cabello s/n 36208 VIGO

Tífono: 886 111 152



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

	Na unidade 5 VIABILIDADE E DEFENSA DO SEU MODELO DE NEGOCIO, A cualificación desta unidade virá dada pola seguinte expresión, sendo 100% da cualificación a nota da tarefas realizadas en esa unidade CUALIFICACIÓN FINAL: No boletín de cualificacións da 3ª av rexistarase a nota media final do curso en caso de ter toda a materia superada.É dicir, a media ponderadas das unidades didácticas traballadas nos tres trimestres. Esta cualificación debe coincidir coa Cualificación Final do módulo. En caso de ter algunha parte pendente de recuperar (por non acadar os mínimos exixibles ou obter unha media inferior a 5 nalgún trimestre) a cualificación que constará no boletín da 3ªav será igual ou inferior a 4. Tralas probas de recuperación, volverá calcularse a media ponderada, de acordo aos criterios expostos, para rexistrala no boletín como Cualificación Final do módulo.
DATAS DE AVALIACIÓN	→ 1ª AVALIACIÓN: 20 de decembro de 2023 → 2ª AVALIACIÓN: 21 de marzo de 2024 → 3ª AVALIACIÓN: 30 de maio de 2024 → AVALIACIÓN FINAL: 23 de xuño de 2024
ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN	ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN TRAS A 1ª AV E TRAS A 2ªAV: Para aqueles alumnos/as que non acaden algún Resultado de Aprendizaxe, a profesora activará probas de auto avaliación na aula virtual para repasar os Resultados de Aprendizaxe non superados. O alumno/a poderá preguntar dúbidas durante as

clases. Posteriormente habilitarase unha data para recuperar mediante unha proba escrita obxectiva de recuperación sobre os Resultados de Aprendizaxe pendentes. Esta proba consistirá nun cuestionario de preguntas tipo test (puntuando negativamente as respostas incorrectas) ou resposta curta.

Os criterios para a avaliación de esta proba será o 60% da nota total correspondente ao RA, e será imprescindible, obter un mínimo de 5 sobre 10 na proba escrita.

Se o motivo polo que o/a alumno/a non superou o RA, foi a realización das tarefas conducentes a realización do plan de empresa (ben por falta de entrega ou por non obter un 5 como mínimo), establecerase un novo prazo de entrega para estas tarefas, que deberan estar debidamente cumprimentadas en tódolos seus apartados, e terán una valoración do 40% da nota total correspondente ao RA, Será imprescindible obter un 5 sobre 10 en cada tarefa.

PERÍODO DE ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN EN XUÑO:

Trala 3ªav, o alumnado que teña partes desta programación pendentes de superar, terá dereito a un período de actividades de recuperación, con clases de reforzo, segundo o horario aprobado ao efecto por Dirección.

INFORME INDIVIDUALIZADO:

Entregarase un Informe Individualizado de Av tras a 3ªav, no que constarán os CAs pendentes de superar e o instrumento de av (IA) que se empregará en cada caso, así como as datas de entrega de tarefas ou de realización de proba escrita.



CIFP AUDIOVISUAL DE VIGO

Eduardo Cabello s/n 36208 VIGO

Tífono: 886 111 152



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**PERDA DE
DEREITO Á AV.
CONTINUA:
PROBA FINAL
EXTRAORDINARIA**

PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA: o alumnado que O alumnado que supere o 10% de faltas á clase que é a legalmente establecida perderá o dereito á avaliación continua. No módulo de EIE, equivalerá a 6 sesións de 60 minutos, e a estes efectos, solo se excluirán do cómputo de faltas as que estean xustificadas polos seguintes motivos: doenzas e asistencia a consultas médicas do/a estudante, morte ou doenzas graves dos seus familiares ate segundo grao, e actividade laboral remunerada.

O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua deberá realizar unha proba escrita final, que se denomina Proba Final Extraordinaria.

DESCRICIÓN DA PROBA FINAL EXTRAORDINARIA:

Proba escrita/exame (100% da cualificación): Constará de dúas partes:

- a. Teórica: Terá un valor do 50% da proba escrita. Na parte teórica incluíranse 50 preguntas tipo test, de resposta única, que abrangue os contidos das unidades didácticas (as respostas incorrectas puntuarán negativamente) ou



CIFP AUDIOVISUAL DE VIGO

Eduardo Cabello s/n 36208 VIGO

Tífono: 886 111 152



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

preguntas curtas. A proba terá unha cualificación máxima de 10 e o/a estudante terá que obter un mínimo de 5 para poder aprobar o módulo. A duración da proba será de 90 minutos.

- b. Práctica: Terá un valor do 50% da proba escrita. inclúiranse supostos prácticos e/ou exercicios de cálculo numérico. A proba terá unha cualificación máxima de 10 e o/a estudante terá que obter un mínimo de 5 para poder aprobar o módulo. A duración da proba será de 90 minutos.

O/a estudante deberá superar ambas probas para poder aprobar o módulo. Os criterios de avaliación neste caso son os considerados mínimos esixibles para a adquisición da avaliación positiva. A nota final determinarase pola nota media ponderada das dúas partes da proba Final Extraordinaria

DATAS DE REALIZACIÓN DA PROBA: o alumnado deberá realizar a proba no mes de xuño, antes da data da avaliación final.